

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

ORQUESTRA CONVIDADA

XOVES 23 XANEIRO 2025

Auditorio de Galicia, 20.30 h

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

MARKUS STENZ, director

LIZA FERSCHTMAN, violín



PROGRAMA

I

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Concerto para violín en re menor

In kräftigem, nicht zu schnellem Tempo

Langsam

Lebhaft, doch nicht zu schnell

Liza Ferschtman, violín

II

GUSTAV MAHLER (1860-1911)

Sinfonía núm. 5 en do sostido menor

PARTE I

1. *Trauermarsch*

2. *Stürmisch bewegt*

PARTE II

3. *Scherzo: Kräftig, nicht zu schnell*

PARTE III

4. *Adagietto*

5. *Rondo-Finale*



Duración aproximada do concerto: 115 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube.

A OSG, cuxo director titular desde a tempada 2023-24 é Roberto González Monjas, e que ten en Víctor Pablo Pérez o seu director honorario e en José Trigueros o seu director asociado, foi orquestra residente do Festival Rossini de Pésaro de 2003 a 2005 e do Festival Mozart da Coruña desde a súa creación en 1998. Ademais, a súa presenza nacional e internacional foi constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemaña e Austria. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, Arxentina, Brasil, Uruguai e Montevideo—, a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e en 2016 ofreceu dous concertos nos Emiratos Árabes.

Tanto para os seus concertos internacionais como para os seus programas de abono, a OSG conta con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, María João Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alica Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, Arcadi Volodos, Mischa Maisky, Javier Perianes ou Christian Lindberg entre outros moitos.

Con ela cantaron Bryn Terfell, Ewa Podles, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simon Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, Mattias Goerne, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Roccroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens,

Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez ou Giuseppe Sabbatini, e sempre baixo a batuta de mestres como Dima Slobodeniouk, Gustavo Dudamel, Lorin Maazel, Elisha Inbal, Neville Marriner, Michail Jurowski, Ton Koopman, Guennadi Rozdestvenski, Libor Pesek, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanislaw Skrowaczski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Noseda, Ron Goodwin ou Manfred Honeck entre outros.

Na súa discografía para selos como Deutsche Gramophon, Sony, BIS, EMI, DECCA, Koch, Naïve, BMG e Arts figuran nomes como os de Juan Diego Flórez, Kaori Muraji, Peter Maag, Antonio Meneses, Iván Martín, Manuel Barrueco —con quen foi proposta para o premio Grammy 2007 polo mellor álbum clásico do ano—, María Bayo, Plácido Domingo, Juan Pons ou Ewa Podles, por citar só algúns.

A OSG converteu a súa canle de YouTube na máis vista do sector en España e unha das máis visitadas a nivel europeo. O seu éxito internacional e as retransmisións en streaming HD supuxeron a súa proposta para o premio Classical: Next Innovation Award 2015.

A OSG foi premiada coa Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010.

A OSG está financiada polo Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

DIRECTOR

Markus Stenz

VIOLÍN SOLISTA

Liza Ferschtman

VIOLÍNS I

Massimo Spadano****

Ludwig Dürichen****

Iana Antonyan

Sara Areal Martínez

Ruslan Asanov

Caroline Bournaud

Gabriel Bussi

Regina Laza Pérez-Blanco

Dominica Malec Andruszkiewicz

Dorothea Nicholas

Ángel E. Sánchez Marote

Mihai Andrei Tanasescu Kadar

Florian Vlashi

Roman Wojtowicz

VIOLÍNS II

Fumika Yamamura***

Adrián Linares Reyes***

Gertraud Brilmayer

Carolina M^ª Cygan Witoslawska

Lylia Chirilov

Marcelo González Kriger

Deborah Hamburger

Enrique Iglesias Precedo

Helle Karlsson

Gregory Klass

Stefan Marinescu

Diana Poghosyan Mirzoyan

VIOLAS

Eugenia Petrova***

Francisco Miguens Regozo***

Andrei Kevorkov*

Raymond Arteaga Morales

Alison Dalglish

Despina Ionescu

Jeffrey Johnson

Jozef Kramar

Luigi Mazzucato

Karen Poghosyan

Wladimir Rosinskij

VIOLONCELLOS

Rouslana Prokopenko***

Raúl Mirás López***

Gabriel Tanasescu*

Andrea Fernández Ponce

Berthold Hamburger

Scott M. Hardy

Florence Ronfort

Ramón Solsona Massana

CONTRABAIXOS

Risto Vuolanne***

Diego Zecharies***

Todd Williamson*

Mario J. Alexandre Rodrigues

Douglas Gwynn

Jose F. Rodrigues Alexandre

FRAUTAS

Claudia Walker Moore***

M^ª José Ortuño Benito**

Juan Ibáñez Briz*

ÓBOES

David Villa Escribano***

Carolina Rodríguez Canosa*

CLARINETES

Juan Antonio Ferrer Cerveró***

Iván Marín García**

Pere Anguera Camós*

FAGOTES

Steve Harriswangler***

Mary Ellen Harriswangler**

Alex Salgueiro *

TROMPAS

Nicolás Gómez Naval***

Marta Isabella Montes Sanz***

David Bushnell**

Manuel Moya Canós*

Amy Schimelmann*

TROMPETAS

Manuel Fernández Álvarez***
Thomas W. Purdie**
Javier Lasarte Puyuelo*
Yael Fiuza Souto**(R)

TROMBÓN

Jon Etterbeek***
Óscar Vázquez Valiño***

TUBA

Jesper Boile Nielsen***

PERCUSIÓN

Fernando Llopis Mata***
José A. Trigueros Segarra**
José Belmonte Monar*
Alejandro Sanz Redondo*

ARPA

Celine C. Landelle***

MÚSICOS CONVIDADOS
TEMPORADA 24-25

VIOLONCELLO

Blanca Gorgojo González

MÚSICOS CONVIDADOS PARA
ESTE PROGRAMA

VIOLÍNS I

Daniel Vlashi Llukaj****
Virginia González Leondhart
David Ruiz del Canto

VIOLÍNS II

Nazaret Canosa Insúa
Marie Esther Cooper Aubé
Susana Feito Sarmiento
María Rodríguez Estévez

VIOLONCELLOS

Blanca Budiño Roca
Lucía Pérez Izquierdo

CONTRABAIXOS

Javier Fierro Astiárraga
Adrián Rescalvo García

FRAUTA

Jimena de Vicente Álvarez*

ÓBOE

Silvia Esain Nagore**

TROMPAS

William Simon Lewis*
Álvaro Padín Rosal*

TROMPETAS

Yael Fiuza Souto**
Emma Louise Viellard-Goillot*

TROMBÓN TENOR

Ricardo Pedrares Patiño*

PERCUSIÓN

Irene Rodríguez Rodríguez*

MARKUS STENZ

DIRECTOR

Markus Stenz ten ocupado varios cargos de alto nivel, entre eles o de director principal da Orquestra Filharmónica da Radio dos Países Baixos, invitado principal da Sinfónica de Baltimore e, máis recentemente, director residente da Orquestra Filharmónica de Seúl. Foi director xeral de Música da Cidade de Colonia e Gürzenich-Kapellmeister durante 11 anos, nos que dirixiu *Don Giovanni* de Mozart, o ciclo do *Anel* de Wagner, *Lohengrin*, *Tannhäuser* e *Die Meistersinger von Nürnberg*, así como *Jenůfa* e *Katya Kábanová* de Janáček e *Amor e outros demos* de Eötvös.

Debutou na ópera en 1988 no Teatro La Fenice de Venecia e, tras varias semanas de concertos de grande éxito coa Orquestra, a temporada pasada dirixiu unha nova produción de Wagner, *O holandés errante* e volverá nas dúas vindeiras tempadas para *Ariadna en Naxos* e *Lohengrin*.

En 2018 Markus dirixiu *Schreker Die Gezeichneten* na Bayerische Staatsoper de Múnic e ese ano tamén foi

parte da estrea mundial de Kurtág, *Fin de partie*, no Teatro alla Scala de Milán onde, na mesma tempada, dirixiu *Electra* de Strauss, que tamén levou á Ópera Nacional de Holanda e estreou na Ópera Nacional de París.

Na tempada 2023-24 Markus regresa á Ópera Nacional de Holanda para dirixir *Mahagonny*, viaxa a Hangzhou en China para *As Valquirias* e dirixe unha representación especial de *Fin de partie* na cidade natal de Kurtág, Budapest, antes de realizar unha xira de representacións en Hamburgo e Colonia. En Alemaña dirixirá programas coa MDR de Leipzig, a Stuttgarter Philharmoniker e a Staatskapelle Halle. Esta temporada Markus regresa á Orchestre National de Lyon e, tras un exitoso debut fronte á CBSO coa *Sinfonía núm. 2* de Mahler en 2002, volverá coa *Sétima Sinfonía* de Bruckner. En Italia asumirá a dirección da Orchestra della Toscana e da Fondazione Haydn di

Bolzano, retornará á New Jersey Symphony Orchestra e debutará coa Orquestra Filharmónica de Nápoles.

Os seus recentes fitos sinfónicos inclúen o seu debut coa Orchestra dell'Accademia Nazionale di Santa Cecilia de Roma, múltiples proxectos coa New Japan Philharmonic Orchestra e visitas regulares a tres orquestras nas que ocupou postos relevantes anteriormente: Filharmónica da Radio dos Países Baixos, Orquestra Filharmónica de Seúl e Gürzenich-Orchester Köln.

Durante a súa estancia coa Gürzenich-Orchester Köln, Markus recibiu o premio ao mellor Programa de Concertos da temporada 2003-04, ademais de iniciar unha serie de proxectos educativos como 'Experiment Klassik', '3. Akt' e a gravación de concertos en directo 'GO live'.

A súa extensa discografía inclúe numerosas gravacións premiadas, como o ciclo completo das sinfonías de

Gustav Mahler coa Orquestra Gürzenich, que lle valeu o Premio da Crítica Discográfica Alemá pola gravación da *Sinfonía núm. 5*; ou como *Don Quijote* e *Till Eulenspiegel* de Strauss, ambas aclamadas unánimemente pola crítica, seguidas dunha gravación igualmente celebrada dos *Gurrelieder* de Schönberg editada en 2015, que recibiu o Premio Coral nos Gramophone Awards 2016.

Markus Stenz estudou na Hochschule für Musik de Colonia con Volker Wangenheim e en Tanglewood con Leonard Bernstein e Seiji Ozawa. Foi distinguido cunha bolsa honoraria do Royal Northern College of Music de Manchester e co Diapasón de prata do estado de Renania do Norte-Westfalia.

LIZA FERSCHTMAN

VIOLÍN

Amar fondamente a música e compartilo co seu público é a razón de ser de Liza Ferschtman. Como narradora musical comprometida coa linguaxe emocional de cada compositor que interpreta, a traxectoria da súa carreira internacional é tan variada como o seu repertorio. Para unha camaleónica musical como Liza, o repertorio estándar romántico é tan importante como tocar ou colaborar coas principais voces do noso tempo, como Fagerlund, Zuidam, Kancheli, e Wolfe. A súa grande afinidade por Schubert e Beethoven convive coa súa paixón polo mundo expresionista dos compositores de principios do século XX. A súa extensa discografía reivindica aínda máis esa versatilidade, con música escrita desde 1676 ata 2014.

Liza especializouse no recital de violín só. Amplamente coñecida polas súas interpretacións das obras para violín só de Bach e a miúdo interpretándoas en concertos maratonianos, é tamén unha das poucas intérpretes que se atreve a tocar todas as *Sonatas do Rosario* de Biber

nunha actuación, utilizando para iso un mínimo de 7 violíns diferentes.

Como concertista solista, actúa coas principais orquestras do mundo, como as Filharmónicas da BBC e a de Helsinqui, as Sinfónicas de Montreal e de San Francisco, e a Orquestra do Festival de Budapest, con directores como Ivan Fischer, Antonello Manacorda, John Storgards, Juraj Valcuha e Stephane Denève. Tamén moi solicitada como directora-solista, traballa con orquestras como a Amsterdam Sinfonietta, a Potsdam Kammerakademie, a Orquestra de Cámara de Laponia, a Orquestra de Cámara Franz Liszt e a ORCAM de Madrid.

A creatividade de Liza como directora artística, comisaria e colaboradora tense plasmado nunha ampla e dinámica gama de proxectos internacionais. Grazas ao seu amor pola danza, colaborou na creación dun espectáculo arredor da súa obra en solitario coa compañía LeineRoebana, que realizou numerosas xiras, ademais de ser colaboradora habitual do Ballet Nacional dos Países Baixos. Aos 27 anos

foi nomeada directora artística do Festival de Música de Cámara de Delft, e durante o seu mandato de 14 anos fixo medrar o festival ata convertelo nun acontecemento anual multiartístico que ocupa un lugar único no panorama cultural holandés. Liza encargou numerosas obras, moitas das cales encontraron un lugar duradeiro no repertorio. Cada ano tamén encargaba e co-creaba un espectáculo de teatro musical baseado no tema do festival. E o que é máis importante, o festival creou un amplo círculo de músicos e amigos afíns cos que segue actuando nos principais escenarios de todo o mundo.

Medrar nunha familia de músicos profesionais foi decisivo para a violinista na que se converteu. As súas primeiras lembranzas musicais son de cando xogaba cos seus xoguetes baixo o piano mentres os seus pais, inmigrantes rusos en Holanda, traballaban nas sonatas para violonchelo de Beethoven, e de cando bailaba coa súa irmá practicando os estudos de Chopin. Pode que a elección do violín non fose total para Liza ata a súa adolescencia, pero sempre tivo moi claro o seu grande amor pola música. Grazas á atenta guía dos seus profesores Alla Kim e Herman Krebbers, o entusiasmo musical e a expresión instrumental uníronse, o que lle valeu gañar o concurso nacional holandés de violín aos 17 anos.

Tras pasar algúns anos no Curtis Institute of Music de Filadelfia, onde coñeceu a músicos que se converteron en colaboradores para toda a vida, o seu mestre máis importante foi David Takeno en Londres. Ao longo do camiño, moitos mentores musicais foron guías inestimables na formación da súa identidade creativa. Philippe Hirschhorn, un amigo íntimo da familia para o que tocou con regularidade dende moi nova, achegoulle unha comprensión e un coñecemento esenciais sobre o que se pode procurar na música. Os seus primeiros encontros con Nobuko Imai proporcionáronlle orientación e un espectro máis amplo de posibilidades. Walter van Hauwe, Frans Bruggen e Anner Bylisma abrírona ao rico mundo da música e a interpretación barrocas, e Elisabeth Leonskaja brillou como exemplo de intérprete abnegada.

Ademais da súa atafegada vida sobre os escenarios, Liza está moi solicitada como profesora.

En 2006, Liza recibiu o Premio Holandés de Música, o maior galardón gubernamental para músicos novos. En 2021 foi nomeada Oficial da Orde de Oranje-Nassau, un recoñecemento real pola súa contribución á escena cultural holandesa.

NOTAS AO PROGRAMA

ORQUESTRA CONVIDADA

Esta noite visita o Auditorio de Galicia como convidada a Orquestra Sinfónica de Galicia para presentar un programa conformado polas obras de dous autores imprescindibles do repertorio occidental: Robert Schumann e Gustav Mahler.

Na primeira parte, escoitaremos o *Concerto para violín en re m* de Robert Schumann (1810-1846), un dos máis aclamados compositores do Romanticismo. A súa andadura musical iniciouse co estudo do piano, aínda que tamén cursou a carreira de dereito durante un tempo e o seu principal mestre de instrumento foi Friedrich Wieck (o pai da famosa pianista e compositora Clara Wieck), quen acabaría sendo o seu sogro, pese a que a aquel non lle gustara moito este feito. Despois dun accidente que lle provocou unha lesión nun dedo da man, tivo que abandonar a idea de ser un virtuoso do piano e dirixiu os seus intereses

cara a outros campos como a pedagogía –traballou no Conservatorio de Leipzig fundado por Mendelssohn–, a dirección e a crítica musical, publicando numerosos escritos nunha das primeiras revistas especializadas en música *Allgemeine musikalische Zeitung*. Dentro do seu catálogo compositivo o máis recoñecido é a música para piano e os *lieder* que compuxo antes de 1840. Porén, no campo sinfónico recibiu máis críticas ao demostrar, supostamente, un menor dominio na escritura orquestral. Nas súas catro sinfonías e concertos os modelos de referencia foron a *Gran Sinfonía num. 9* de Schubert e os concertos de Mendelssohn e destacan os temas líricos que insire dentro do contexto destas formas con desenvolvemento. Xunto con outros autores sinfónicos (Schubert, Mendelssohn, Brahms, Bruckner), Schumann é representante da corrente da música absoluta dentro da composición para orquestra,

que se confrontaba cos compositores programáticos como Berlioz ou Liszt, cuxos traballos fan referencia a elementos extramusicais que intentan representar de maneira máis ou menos explícita.

O *Concerto para violín en re m* que hoxe interpretará Liza Ferschtman ten unha historia bastante singular. Durante o verán de 1853 Schumann asistiu a un concerto do célebre violinista Jozsef Joachim no que tocaba o *Concerto para violín* de Beethoven e sentiuse inspirado a escribir para este instrumento. Xorden así a *Fantasia en Do M* e este *Concerto* que compuxo nuns poucos días a finais de setembro dese mesmo ano, sendo, de feito, unha das súas últimas obras de grandes dimensións. Desgraciadamente, Schumann estaba atravesando unha das súas múltiples crises psiquiátricas por aquel tempo. A súa muller Clara, o compositor J. Brahms (amigo da parella) e Joachim consideraron que o concerto non estaba á altura do nivel do compositor e gardouse nun caixón. Despois da morte de Schumann, Clara revisou a partitura e reafirmouse na súa decisión de non publicala. Pasados

uns anos, a obra pasou a conservarse na Biblioteca do Estado de Berlín ata que finalmente si se publicou e estreou o 26 de novembro de 1938 pola Filharmónica de Berlín e o violinista Georg Kulenkampff, contradicindo a opinión negativa da filla de Schumann. Este concerto explota a técnica do instrumento e todos os seus recursos sonoros e estilísticos. Presenta un esquema clásico en tres movementos e dura arredor de media hora. O primeiro movemento, *In kräftigem nicht zu schnellem Tempo* estrutúrase como unha forma sonata con dobre exposición herdeira dos concertos vieneses da época clásica: Exposición (1ª a orquestra e logo o solista presentan dous temas contrastantes) - Desenvolvemento e Recapitulación dos temas iniciais. No segundo, *Langsam*, destaca un tema principal dunha gran beleza sobre o que posteriormente Brahms comporía unhas variacións. Pecha a obra *Lebhaft, doch nicht schnell*, unha especie de polonesa de carácter brillante na que Schumann acompaña o segundo tema cunha variación do inicio do segundo movemento (o recurso de forma cíclica é un elemento moi romántico). Este movemento foi criticado pola

reiteración temática e algúns consideraron que a pobreza formal convertía ao concerto na “obra dun xenio cansado”.

Na segunda parte, un dos grandes fitos do repertorio para orquestra: a *Sinfonía núm. 5 en do# menor* de Gustav Mahler (1860-1911), o compositor austroalemán de sinfonías máis destacado despois de Brahms e Bruckner e un dos grandes autores de lieder para voz e orquestra do Posromanticismo. Mahler naceu en Kaliste (Bohemia), unha pequena poboación que hoxe en día forma parte da República Checa. Formouse no conservatorio de Viena –onde foi compañeiro de Hugo Wolf– e nesta cidade desenvolveu gran parte da súa carreira. Destacou especialmente como director de orquestra e ocupou cargos nas óperas de Leipzig, Budapest ou Hamburgo e finalmente, en 1897, foi nomeado director da Ópera de Viena, un dos postos máis importantes de Europa naquel momento. Posteriormente, ofrécenlle dirixir a Opera House de Nova York e a Filharmónica da cidade e morre en 1911 por unha anxina de peito

provocada por un estreptococo. Esta brillante carreira como director proporcionoulle un gran coñecemento da orquestra e os instrumentos e converteuno nun gran e orixinal orquestrador (combinacións camerísticas dentro da gran paleta orquestral). Porén, a súa obra non foi recoñecida ata que Leonard Berstein a puxo en valor, recuperando e gravando a integral das súas sinfonías. O estilo de Mahler reflexa as tensións entre o pasado e o futuro que tamén se vivían na Viena da época, seguramente a cidade máis conservadora de Europa (seguía vixente o imperio austro-húngaro dun envellecido Francisco Xosé) pero á vez lugar de nacemento de correntes rompedoras de diversos campos artísticos e científicos (Freud, os arquitectos Otto Wagner e Loos, pintores como Klimt ou Kokoschka). As obras do compositor son a un tempo continuadoras dos traballos de Mozart, Haydn, Beethoven, Schubert, Brahms e Bruckner, e representan tamén a extensión das forzas orquestrais dentro do xénero da sinfonía. O máis destacado do seu catálogo son as súas nove sinfonías (máis unha que quedou incompleta), as coleccións *Lieder*

eines Fahrenden Gesellen, Wunderhorn Lieder, Kindertotenlieder e a gran cantata *Das Lied von der Erde*.

A *Sinfonía núm. 5 en do # menor* foi composta entre 1901 (o 1º e 3º movementos) e 1902 (os restantes) e estreouse o 18 de outubro de 1904 en Colonia baixo a batuta do compositor. Todas as súas sinfonías teñen un carácter autobiográfico, son como pequenas novelas do que lle estaba acontecendo e neste caso cómpre recordar que en 1901 case morre por unha hemorraxia interna despois de dirixir unha representación da *Frauta Máxica*. A obra ten 5 movementos e 3 partes e repártese da seguinte maneira: 1ª (I-II), 2ª (III) e 3ª (IV-V) que se desenvolven dende un inicio lúgubre ata a vitoria final. Algúns autores relacionan esta división tripartita co arquetipo: Sufrimento-Liberación e Triunfo (Apoteose). O primeiro movemento *Trauermarsch* é unha forma sonata un pouco modificada. Comeza cunha introdución na que escoitamos a coñecidísima fanfarra da trompeta solista que algúns estudiosos asocian coa *Quinta Sinfonía* de Beethoven ou coa

Canción sen palabras op. 62 núm. 3 do libro 5 de Mendelssohn. Seguidamente, iníciase a exposición na que se sucede o tema A ou Marcha fúnebre (nos violíns), a repetición da introdución magnificada, de novo a Marcha fúnebre e por último as cordas e madeiras interpretan o tema B de carácter lírico e esperanzador. En lugar dun desenvolvemento atopamos un primeiro episodio que aparece como un frenesí desgarrado e violento; o toque da trompeta da introdución conduce á recapitulación, onde escoitamos novamente os temas A e B. Un segundo episodio de carácter sentimental pecha este primeiro movemento no que aparecen, como é habitual en Mahler, citas de cancións súas ("Os ollos azuis do meu amor" dos *Lieder eines Fahrenden Gesellen* ou "Nun will die Sonn' so hell aufgeh'n" dos *Kindertotenlieder*), a presenza da morte e as sonoridades de banda que tanto o retrotraían á súa infancia. O segundo movemento, *Stürmisch bewegt* presenta tamén unha forma sonata, neste caso sen recapitulación que é substituída por un coral seguindo o esquema: Introducción (caótica); Exposición: Tema A (enerxético,

frenético) e Tema B (é tamén unha marcha fúnebre, interpretada polos violonchelos e garda relación co episodio final do 1º movemento); Desenvolvemento: episodios con distinto carácter (axitación, calma); e Coral Grandioso: no lugar da recapitulación este coral adianta o carácter do último movemento aínda que finalmente acaba apagándose.

A continuación o *Scherzo* (III), de ton máis extravertido, presenta unha grande influencia do valse e o *Länder*. Para algúns representa un canto de gratitude despois de recuperar a saúde. Ten unha gran duración e estrutúrase como un *scherzo* con desenvolvemento.

Os dous últimos movementos conforman a terceira e derradeira parte desta grande obra. O *Adagietto* (IV) está escrito só para corda e foi un agasallo de amor para a súa dona Alma. O seu carácter transforma as sombras da morte do 1º movemento e pretende transmitir a idea da resignación e do encontro con un mesmo. Iníciase cunha cita do lied "Retireime do mundo" da colección *Kindertotenlieder* e posteriormente aparecen outras citas e recordos

como o motivo da mirada da ópera *Tristán e Isolda* de Wagner ou a atmosfera dun dos *Rückert-lieder* do propio Mahler. O *Allegro* (V) *Finale* é unha especie de viaxe de volta ao mundo, á vida. Mahler métese neste movemento cos críticos musicais e para iso inclúe a melodía da canción "Loa á alta intelixencia" (dos *Wunderhorn Lieder*) unha loita entre o reiseñor e o cuco, na que o xuíz é un burro que da por gañador ao segundo ao considerar excesivamente complexo o canto do reiseñor. En liñas xerais trátase dun Rondó-Sonata moi estirado, que consiste na combinación destas dúas estruturas do seguinte xeito: Exposición (A, B, A, B); Desenvolvemento (C); Recapitulación (A, B, A) e Coda. En realidade máis que temas, A e B son seccións nas que escoitaremos diversos motivos que se transforman nas distintas aparicións. Criticouse este movemento por recargado e desordenado, porén debemos enmarcalo nunha época na que Mahler xa rompera, en parte, cos moldes clásico-románticos.

Un concerto descartado e devolto ao repertorio anos despois da morte do compositor e unha sinfonía que

nos fala indirectamente da superación da adversidade.
Sen dúbida un agasallo o que hoxe nos trae dende A
Coruña a Orquestra Sinfónica de Galicia.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

**PRÓXIMO CONCERTO
ÚNICAS**

XOVES 30 XANEIRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Chloé van Soeterstède, directora

Nadège Rochat, violonchelo

- Fanny Mendelssohn: Abertura en Do
- Anna Clyne: Dance for Cello and Orchestra
- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 8 en Fa maior, op. 93

Sala Mozart – 19.30 h

Pre-concerto do alumnado da EAEM

A EAEM a través do seu Curso Avanzado de Especialización Orquestal (CAEO) inaugura un primeiro ciclo de pre-concertos a temporada de abono da RFG.

